

Paro rexistrado

(Ano 2012)



Gabinete Técnico Confederal

PARO REXISTRADO 2012

Rematado 2012, xa van 5 anos consecutivos medrando o número de desempregados rexistrados nas oficinas do SEPE (Servizo Público de Emprego), a finais de 2012 había 278.787 persoas paradas, 123.800 máis que a finais de 2007, en Galicia.

O máis grave xa non é que aumente o desemprego, senón que o fai máis que no ano anterior; se ben mes a mes segue unha mesma secuencia, a evolución interanual cada vez é máis negativa. Reflictese moi ben no cadro seguinte, e especialmente no gráfico.


➤ Remata 2012 con 278.878 parados, 20553 máis que en decembro de 2011

Evolución do paro rexistrado.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	Evolución	
							Absoluta	Relativa
Xaneiro	163.583	161.162	201.316	231.628	245.831	271.284	25.453	10,4
Febreiro	160.904	161.828	206.570	234.171	248.279	274.675	26.396	10,6
Marzo	159.886	160.180	211.484	236.449	249.246	276.795	27.549	11,1
Abril	155.479	159.749	210.662	233.916	244.662	277.644	32.982	13,5
Maio	148.209	156.779	207.518	228.507	240.014	276.608	36.594	15,2
Xuño	143.156	152.708	200.240	219.825	233.557	269.203	35.646	15,3
Xullo	139.998	149.318	192.859	209.789	223.000	260.198	37.198	16,7
Agosto	140.299	152.437	195.241	211.532	224.582	257.267	32.685	14,6
Setembro	140.960	156.834	200.465	216.095	232.918	259.373	26.455	11,4
Outubro	146.371	168.423	208.923	223.894	242.142	267.812	25.670	10,6
Novembro	152.728	180.820	216.828	231.721	253.416	276.536	23.120	9,1
Decembro	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	20.553	8,0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Durante 2011, aínda que o desemprego medrara tódolos meses con respecto ó mesmo mes do ano anterior, a diferenza fora menor que en 2010, o que nos abría unha porta á esperanza de que o medre dos parados se fora mitigando, pero a realidade unha vez máis supera o peor dos pronósticos; durante 2012, o incremento interanual estivo practicamente tódolos meses por encima do 10%, o mes que mellor se comportou foi en decembro e aumentou un 8% con respecto a decembro de 2011.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O gráfico é moi ilustrativo, vese como ano tras ano, a liña de evolución interanual está cada vez máis arriba, é dicir, cada vez temos máis desempregados con respecto ó ano anterior.

A variación mensual, que se reflicte no gráfico seguinte, salvo no ano 2008, que foi cando se deron as variacións máis acusadas, no resto dos anos as liñas do gráfico están bastante superpostas,

Variacións mensuais dos desempregados. En porcentaxe.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Con respecto ó último ano, foi despois de 2008, o ano que menos descende o paro ata a agosto; tamén é certo que a partir de aí, é o ano de menores incrementos mensuais.

A vistas destes datos é moi difícil facer unha previsión.

➤ O número de parados medrou un 80% no último lustro

No foi das comunidades onde máis aumentou, e sen embargo temos preto dun 80% mais de desempregados que o inicio da crise.

Nestes datos de comparación coa media do estado, non debemos esquecer o inxente cantidade de galegos que nestes últimos anos abandonaron a nosa comunidade a procura dun futuro mellor noutras latitudes do planeta, tan so nos último catro anos, 77.164 mozos e mozas de entre 15 e 35 anos, saíron de Galicia; como se ven son todos en idade de traballar; con esta poboación na nosa comunidade non seríamos das comunidades onde menos medrou a desemprego, como se reflicte no seguinte cadro.

Evolución do paro rexistrado por comunidades autónomas.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	Evolución	
							2012/ 2011	2012/ 2007
Andalucía	510,8	719,3	851,4	903,9	969,1	1038,8	7,2	103,4
Aragón	38,3	67,2	87,6	92,6	101,9	110,5	8,4	188,5
Asturias	51,2	63,6	75,8	81,1	90,5	103,7	14,6	102,5
Baleares	50	73,2	91	91,2	98	95,8	-2,2	91,6
Canarias	139	202,9	248,7	254,6	265,5	284,9	7,3	105,0
Cantabria	21,8	33,7	42,2	44,1	49,2	56,3	14,4	158,3
Castela A Mancha	94,9	147,8	188,1	205,1	225,8	262,3	16,2	176,4
Castela e León	109,7	150,5	182	194,6	208,4	237,2	13,8	116,2
Catalunya	265,7	423,2	561,7	562,6	614,2	646,9	5,3	143,5
Valencia	215,6	357,8	477,8	501,3	535	569,7	6,5	164,2
Extremadura	76,2	97,5	112,3	119,8	135,3	145,9	7,8	91,5
Galiza	154,9	189,9	222,8	237,3	258,2	278,7	7,9	79,9
Madrid	229,1	345,3	451,9	461,9	488,7	544,4	11,4	137,6
Murcia	51,6	90,9	122,2	128,9	142,9	154,5	8,1	199,4
Navarra	21,5	32,9	40,6	43	46,9	51,9	10,7	141,4
País Vasco	74,5	100,6	128,2	135,9	145,3	169	16,3	126,8
A Rioxa	10,7	16,6	21,7	22,4	25,3	27,5	8,7	157,0
Total	2.115,5	3.112,9	3.906,0	4.100,0	4.422,3	4.778,0	8,0	125,9

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

No último ano, a evolución foi moi semellante que na media do estado, pero nunha perspectiva máis temporal, Galicia sae mellor parada desta lacra social, pero como dixen anteriormente debido a unha peor: a emigración; polo tanto este cadro non serve para comparar.

➤ **No último ano, foi en servizos onde máis aumentou o paro**

O sector servizos foi o último en incorporarse a destrución de emprego, pero neste último ano foi o que rexistrou un incremento de parados maior, concretamente medrou o desemprego neste sector un 15,8%; desde o inicio da crise medrou un 87% o paro no mesmo.

Paro rexistrado por sectores.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	Evolución	
							2012/ 2011	2012/ 2007
Agricultura	4.995	5.806	6.434	6.517	7225	9.455	30,9	89,3
industria	24.488	30.255	35.040	36.897	40.327	40.189	-0,3	64,1
construción	16.925	27.138	36.190	38.530	44.807	45.984	2,6	171,7
Servizos.	85.494	103.069	121.704	126.942	138.341	160.137	15,8	87,3
SEA	23.088	23.637	23.562	28.427	27.534	23.022	-16,4	-0,3
Total	154.990	189.905	222.930	237.313	258.234	278.787	8,0	79,9

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O sector primario tivo neste último ano unha caída espectacular, non temos a desagregación entre agricultura e pesca, pero probablemente sexa neste última onde se xerou a maioría dos novos desempregados dados os problemas que está atravesando este sector.

A construción, que parece que freou un pouco a caída no ano 2012, (aumentou o paro rexistrados nun 2,%), desde o inicio da crise hai un 171,7% de desempregados máis.

O descenso dun 0,3% do paro na industria desde finais de 2011 a finais de 2012 é o único dato positivo deste informe.

➤ **Pontevedra é a provincia máis afectada pola crise.**

Paro rexistrados provincial.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	Evolución	
							2012/ 2011	2012/ 2007
A Coruña	62.474	75.767	89.594	93.673	101.652	109.975	8,2	76,0
Lugo	15.659	17.861	21.168	23.352	25.405	27.939	10,0	78,4
Ourense	19.623	22.441	24.868	26.480	28.217	30.407	7,8	55,0
Pontevedra	57.226	73.834	87.209	93.808	102.960	110.466	7,3	93,0
Galiza	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	8,0	79,9

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

índa que durante 2012, foi a provincia onde menos medrou o paro,